

## **REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA**

Acta do 3 de febreiro do 2011

### **Asisten:**

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Secretario: Muñiz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT).

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Romero Beade, Manuel (USO)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

### **Non asisten:**

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT) \* No tribunal da oposición de auxiliares de servizos

López Domínguez, Javier (CCOO) \* No tribunal da oposición de auxiliares de servizos

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

### **Orde do día:**

- Acordar o comunicado a emitir aos traballadores.

Comezo da reunión ás 10.

- Analízase o escrito do comunicado e consensúase entre os presentes. Achegase á presente acta como Anexo I.

- Na praza de microscopía, informada favorablemente na reunión anterior:

Delegado polo Comité de Empresa, o Presidente do Comité fala con Alberto Núñez Cordezo para formar parte do tribunal da praza, este entende que o temario debe ser revisado.

Para realizar esta revisión facúltase a Jorge Otero e ao mesmo Alberto Núñez para que elaboren unha proposta alternativa de temario que será entregada á Xerencia.

- Acórdase presentar por rexistro a análise do mini-concurso de conserxes e auxiliares de servizo. Achégase coa presente acta o escrito presentado.

Sen mais incidencias finaliza a reunión ás 11,26.

## **Anexo I:**

### **Comunicado do Comité de Empresa de PAS laboral**

O Comité de Empresa, por unanimidade, decide denunciar a situación de incompreensión, incumprimento de compromisos e a marxinação e desleixo aos que a Xerencia e o equipo de goberno están a condenar ao PAS laboral desta Universidade.

Esta actitude incompreensible concrétese esencialmente en tres circunstancias:

#### **CONVOCATORIAS DE CONCURSO-OPOSICIÓN**

O primeiro que temos que sinalar é que se trata da Oferta de Emprego do ano 2005. Hai case seis anos!

A desidia, a falta de interese, no seu desenvolvemento, leva a que máis da metade do colectivo de Persoal Laboral, aínda a estas alturas, se vexa en situación de inestabilidade. A maior parte dos nosos/as compañeiros/as teñen contrato de interinidade. Agardan, desde hai anos, polas convocatorias para rematar con esa incerteza.

Conscientes desta situación, o Comité de Empresa nada máis asinar o novo Convenio Colectivo, comezou a traballar na elaboración das convocatorias. Desto hai case dous anos. Desde esa data só se fixeron efectivas as convocatorias de seis categorías profesionais, das que só está a piques de rematar o proceso dunha (conserxes). A inestabilidade laboral consolídase facéndose insoportable. A situación creada é máis lamentable se consideramos que, hai meses que temos convocatorias acordadas, pero que non se oficializan mediante a pertinente publicación no DOG.

#### **RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**

No colectivo de PAS laboral, a Universidade incumpre sistematicamente a obriga reflectida tanto nos Estatutos como no Convenio Colectivo de elaborar a RPT, ao máis tardar, cada dous anos.

A RPT é a ferramenta coa que a institución se asegura a dotación necesaria nos servizos para levar adiante, nas mellores condicións, as súas finalidades. O único requisito que se lle establece no Convenio Colectivo é que sexan negociadas (que non acordadas) co Comité de Empresa. Son, polo tanto, unha obriga da empresa. Despois dunha negociación infrutuosa, a Universidade non pode obviar a súa responsabilidade trasladándolla ao colectivo de traballadores/as.

Levamos case seis anos sen que a Universidade actualice unha RPT que, a todas luces, non reflicte as necesidades actuais.

Nesta RPT deberíanse plasmar, tamén, as promesas electorais do actual reitor que comprometían, entra outras moitas cousas, a profesionalización da xestión e rematar coas ETT (empresas de traballo temporal).

Tras seis meses de espera, a Universidade retrasa a entrega ao Comité de Empresa, para o seu informe a proposta de RPT, fundamentándose en que había que agardar a aprobar os orzamentos. Aprobados estes no mes de decembro, requirimos, a primeiros de xaneiro, que se nos presentase o dito proxecto sen que, a

día de hoxe, tivésemos ningunha comunicación.

## **EXECUCIÓN DA TRANSITORIA II DO CONVENIO COLECTIVO**

Tamén se incumpre o contemplado xa no II Convenio Colectivo, elaborado no ano 2005 e que recollía as promocións dos grupos IVA e IV B.

Sabe a Universidade que para o Comité de Empresa o cumprimento deste compromiso ten unha relevancia extrema. Con este incumprimento a Universidade leva cinco anos impedindo a mellora económica e laboral dos traballadores e traballadoras afectados/as, aforrándose, ao mesmo tempo, unha substancial cantidade económica que, en ningún momento, repercutiu no colectivo.

O incumprimento permanente de acordos plasmados en normativas e Convenio Colectivo

lévanos a ter a firme convicción de que, para este Equipo Reitoral e para esta Xerencia en

particular, o PAS laboral é un colectivo marxinal.

Desenmascara, por outra parte, ao equipo reitoral que presume pública e constantemente de

cumprir os seus compromisos.

Dada esta situación o PAS laboral non pode, nin debe, agardar máis en facer valer os seus

dereitos e reivindicacións. O Comité de Empresa e o colectivo teremos que actuar en consecuencia.

Comité de Empresa